

AGARDABA a súa chamada. Deitada sobre a cama, miraba para o teito sen velo. Estaba bastante farta da familia. Lembraba agora, paseniño, cando o coñecera nos xardíns. Ela estaba sentada xunto os bambáns cos amigos, cando chegara un do grupo con el e o presentara dicindo que remataba de mudarse a esta vila coa familia. Nos días seguintes descubrirían que se gustaban e se atopaban ben xuntos. Había outras e outros, pero entre eles corría un fío invisible de luz e enerxía que escintilaba cando as súas olladas se cruzaban. «Que queres facer de maior?». «Compartir a miña vida con alguén coma ti». E un bico cruzou o espazo cabalgando sobre uns sorrisos.

Irremediabilmente as familias remataran sabendo. E fixeran bromas. Que se non tiñan idade para iso, que se parecían nenos, que se xa estaba ben, que se... Pois non!, non eran nenos!, eran unha muller e un home! E se non había idades para odiar, tampouco non as habería para amar... ou?... Que ganas de amolar, carafío! Ela propúxolle marcharen xuntos por aí e el respondeu que non poderían sobrevivir economicamente, que necesitaban ás familias, pero ante a cara de desilusión dela prometeulle pensalo, e se chegaba á conclusión de que si, a chamaría ao día seguinte pola mañá e marcharían esa mesma tarde.

O repinico do teléfono fixo que o seu corazón brincase no peito. Escoitou pasos que se achegaban á súa habitación. Petaron na porta e... o sorriso da súa neta máis nova encheu de ledicia a estancia: «Avoa, chámante ó teléfono».

Lourdes Maceiras, *A chamada*.

- 1. Subliña os verbos conxugados dos dous últimos parágrafos e indica o seu tempo e modo.**
- 2. Que tipo de texto é ?. Sinala as partes**
- 3. A autora xoga a crear unha falsa expectativa. Explica en que consiste e escribe ti un breve relato de 250 palabras onde continues a historia seguindo o fío narrativo.**